



## ACTA Nº 2023/9

### SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 30 de xuño de 2023 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

#### ALCALDESA

MARGARITA LAMELA LOUZÁN

#### CONCELLEIROS/AS

RUBÉN VILLAR AGULLEIRO

EMILIA MARÍA TRILLO LOJO

SERGIO ROMERO CONDE

MARÍA LUISA RODRÍGUEZ RIVEIRO

BELÉN FERNÁNDEZ CONDE

ALFONSO CANOSA BLANCO

JESÚS ANGEL PICALLO SANTOS

AGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO

MARÍA VICTORIA AREAS POSE

SERXIO DOMINGUEZ LOURO

MONSERRAT CANOSA VIGO

MARÍA DEL PILAR IGLESIAS LEMA

#### SECRETARIA

ROCIO HERMIDA CANCELA

#### INTERVENTORA

ROSA M<sup>a</sup> FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

#### A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis da acta da sesión anterior (15/06/2019), no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986):**

**Borrador da sesión celebrada o 17 de xuño de 2023.**

**Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.**

2. **Proposta da Alcaldía relativa á Periodicidade das sesións plenarias. EXPEDIENTE Nº: 2023/G010/000009.**

Considerando a seguinte Proposta:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## “PROPOSTA ALCALDIA

**ASUNTO:** PERIODICIDADE SESIÓNS PLENARIAS ORDINARIAS.

**EXPEDIENTE N.º** 2023/G010/000009.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de CEE (A CORUÑA), de conformidade co disposto nos artigos 38 e 39 do ROFRJEL, RD 2568/1986, de 28 de novembro, artigos 4.1 a), 46.1, 46.2 a) e 47.1 da Lei de bases de réxime local, lei 7/1985, de 2 de abril e artigo 47 do Texto refundido de Réxime Local, **PROPOÑO** ó Pleno deste Concello:

- Que se realice Pleno ordinario o último venres de cada mes ás 20:00 horas.
- Así mesmo, propoño que se o último venres se corresponde cun festivo, se celebre á mesma hora do venres seguinte.

Asinado dixitalmente ó marxe.

Sra alcaldesa.

Margarita Lamela Louzán”

## -----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa di que a periodicidade é igual ca lexislatura anterior, último venres de cada mes e si o último se corresponde con festivo se celebra a mesma do venres seguinte.

## -----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 2 abstencións do grupo político BNG e 11 votos a favor dos restantes concelleiros/as presentes na sesión.**

### **3. Proposta da Alcaldía relativa á Creación, composición e funcionamento das comisións informativas permanentes. EXPEDIENTE N.º: 2023/G010/000009.**

Considerando a seguinte Proposta:

## “PROPOSTA ALCALDIA

**ASUNTO:** COMISIÓNS INFORMATIVAS, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO.

**EXPEDIENTE N.º** 2023/G010/000009.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de CEE (A CORUÑA), de conformidade co disposto nos artigos 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de réxime local, artigos 124, 125, 126, 134 e 135 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais **PROPOÑO** ó Pleno do Concello:

**PRIMEIRO.-** A constitución das seguintes Comisións Informativas:

Comisión Informativa de Presidencia, Servizos Sociais, Benestar Social, Sanidade e Igualdade Comisión Informativa de Medio Rural, Obras Públicas e Deportes Comisión Informativa de Cultura, Educación, Turismo e Participación Cidadá Comisión Informativa de Promoción Económica, Formación, Emprego, Novas
--

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Tecnoloxías e Redes Sociais  
Comisión Informativa de Medio Ambiente, Limpeza Viaria e Xestión de Residuos.  
Comisión Informativa de Comercio, Hostalaría, Mocidade e Festas.  
Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Tráfico e Protección Civil  
Comisión Informativa de Economía e Facenda (Asume as función de comisión Especial de Contas)  
Comisión Informativa de Urbanismo e Seguimento do PXOM.  
Comisión Informativa de seguimento de Concesións Administrativas e Servizos Públicos

**SEGUNDO.-** As Comisións Informativas estarían compostas, polos seguintes membros:

**Presidencia:**

Alcaldesa do Concello ou membro da Corporación en quen delegue.

**Vogais Concelleiros/as:**

4 Concelleiros/as do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE de Cee.

2 Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP.

1 Concelleiros/as do Grupo Municipal do BNG.

1 Concelleiro/a do Grupo Mixto.

**Secretaria:** A do Concello ou habilitado que legalmente a substitua.

Sen prexuízo de solicitar asistencia técnica.

**TERCEIRO.-** A Sra Interventora Concello ou habilitado que legalmente a substitúa será membro das comisións informativas, agás a Comisión de Presidencia, Benestar Social, Sanidade e Igualde e a Comisión de Seguridade Cidadá, Tráfico e Protección Civil. O arquitecto municipal será membro da Comisión de Urbanismo e seguimento do PXOM.

**CUARTO.-** Funcionamento das Comisións Informativas.

Dado que a finalidade das citadas Comisións Informativas é o estudo, informe e consulta dos asuntos que se someterán ao Pleno, as sesións ordinarias terán lugar coa antelación suficiente a celebración do Pleno, nos días e horas que estableza a Alcaldesa/Presidencia das mesmas, que se fará constar na respectiva convocatoria, cun mínimo de dous días hábiles de antelación á sesión da correspondente sesión informativa competente, por razón da materia.

Asinado dixitalmente o marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

-----**INTERVENCIÓNS**-----

Sra alcaldesa explica e lee a proposta.

Intervén a Sra Iglesias e di que estamos de acordo en todo menos no tema da composición porque nos parece unha barbaridade que a corporación forme parte do 70% das comisións cando antes o 70% era a maior representatividade posible é un excedo, consideramos que con 5 persoas do goberno aquí nunha comisión é algo que nunca ocorreu neste Concello.

Sra alcaldesa: hai que cumprir os criterios de proporcionalidade e conforme as indicacións da Sra secretaria é a proporción correcta.



Sra Iglesias Lema: bueno na última Corporación con maioría absoluta non ocorreu así, si a secretaria de que hai que facelo así ben dito está.

-----VOTACIÓNS-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 7 votos a favor do grupo político PSOE e 6 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

**4. Proposta alcaldía relativa á composición da Comisión Municipal Técnica de Urbanismo. EXPEDIENTE N.º: 2023/G010/000009.**

Considerando a seguinte Proposta:

**“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** COMPOSICIÓN DA COMISIÓN MUNICIPAL TÉCNICA DE URBANISMO.

**EXPEDIENTE N.º 2023/G010/000009.**

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de CEE (A CORUÑA), de conformidade co disposto nos artigos 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, artigos 124, 125, 126, 134 e 135 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais **propoño** ó Pleno do Concello a seguinte composición da **Comisión Informativa Especial municipal de urbanismo:**

**Presidenta:**

Alcaldesa ou membro da Corporación en quen delegue.

**Vogais:**

Emilia M.<sup>a</sup> Trillo Lojo.

Arquitecto municipal.

Arquitecto Técnico.

**Secretaria:**

A da Corporación, ou habilitado que legalmente o substitúa.

Asinado dixitalmente o marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

-----INTERVENCÍONS-----

Sra alcaldesa lee a proposta.

-----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 8 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

**5. Proposta da alcaldía de designación de membros da Mesa de Contratación cando o órgano de contratación sexa o Pleno. EXPEDIENTE N.º: 2023/G010/000009.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Considerando a seguinte Proposta:

## “PROPOSTA DA ALCALDÍA

### ASUNTO: DESIGNACIÓN DE MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN PLENARIA.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, *conforme establece a Disposición adicional segunda, apartado 7 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público adicada a competencias en materia de contratación nas Entidades Locais:*

*“7. La Mesa de contratación estará presidida por un miembro de la Corporación o un funcionario de la misma, y formarán parte de ella, como vocales, el Secretario o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico, y el Interventor, o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuidas la función de control económico-presupuestario, así como aquellos otros que se designen por el órgano de contratación entre el personal funcionario de carrera o personal laboral al servicio de la Corporación, o miembros electos de la misma, sin que su número, en total, sea inferior a tres. Los miembros electos que, en su caso, formen parte de la Mesa de contratación no podrán suponer más de un tercio del total de miembros de la misma. Actuará como Secretario un funcionario de la Corporación. (...)La composición de la Mesa se publicará en el perfil de contratante del órgano de contratación correspondiente. Se podrán constituir Mesas de Contratación permanentes.”*

**PROPOÑO** a designación dos seguintes membros da mesa de contratación cando o órgano de contratación sexa o Pleno do Concello:

#### **PRESIDENTA:**

Alcaldesa do Concello ou membro deste en quen delegue.

#### **VOGAIS:**

**1 Vogal de entre os restantes Grupos Municipais.**

**VOGAIS SUPLENTES** correlativamente ao Grupo político.

**O Arquitecto ou Arquitecto Técnico** ou técnico que proceda en función da materia obxecto de contrato.

**A Secretaria do Concello** ou habilitado que legalmente a substitua.

**A Interventora do Concello** ou habilitado que legalmente a substitua

**SECRETARIO:** Don Jesús Roget Salgado ou funcionario en quen delegue.

Asinado dixitalmente o marxe.  
Alcaldesa do Concello de Cee.  
Margarita Lamela Louzán.”

#### -----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa lee a proposta

#### -----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 8 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**



## **6. Proposta da alcaldía de designación de membros do Concello como representantes da Corporación en órganos colexiados. EXPEDIENTE Nº: 2023/G010/000009.**

Considerando a seguinte Proposta:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS DE COMPETENCIA DO PLENO**

**EXPEDIENTE Nº: 2023/G010/000009.**

Como consecuencia da constitución do Concello de conformidade cos resultados das eleccións locais do pasado vinte e oito de maio, faise necesario levar a cabo o nomeamento dos representantes do Concello en determinados órganos colexiados nos que está representado,

Visto o establecido no art. 38 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

Proponse a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.** Nomear de conformidade co previsto no art. 126 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, aos seguintes representantes do Concello no Consellos Escolares dos centros públicos radicados no termo municipal.

I.E.S. “Agra de Raices”: D<sup>a</sup> Emilia M<sup>a</sup> Trillo Lojo.  
I.E.S. “Fernando Blanco”: D<sup>a</sup> Emilia M<sup>a</sup> Trillo Lojo.  
I.E.S. “Vila de Cee”: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Rodríguez Riveiro.  
Escola Unitaria Brens: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Rodríguez Riveiro.  
Escola Unitaria de A Pereiriña: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Rodríguez Riveiro.

**Segundo.** Nomear de conformidade co previsto nos arts. 10 e 11 do Estatuto do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, como representante do Concello na asemblea xeral/pleno do devandito Consorcio a D<sup>a</sup> Margarita Lamela Louzán (vogal titular) e como vogal suplente D<sup>a</sup> Emilia M<sup>a</sup> Trillo Lojo.

**Terceiro.** Nomear, de conformidade co previsto no art. 2.6 da orde de 23 de maio de 2008 pola que se crea a Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade, como representantes do Concello na Asemblea Xeral da rede a D<sup>a</sup> Margarita Lamela Louzán (vogal titular) e como vogal suplente D<sup>a</sup> Emilia M<sup>a</sup> Trillo Lojo.

**Cuarto.** Nomear, de conformidade co art. 5 do Decreto 183/2011, polo que se regulan as mesas locais de comercio como representante da administración municipal neste órgano a D<sup>a</sup> Margarita Lamela Louzán (vogal titular) e como vogal suplente D<sup>a</sup> Emilia M<sup>a</sup> Trillo Lojo.

**Quinto.** Nomear como representantes do Concello nos órganos colexiados que a continuación se relacionan ás/aos seguintes Concelleiras/os:

Na Asociación “Costa da Morte Asociación de Turismo (CMAT)” a D<sup>a</sup> Margarita Lamela Louzán e no

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



caso de non poder acudir esta a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Rodríguez Riveiro.

No “Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte (GDR)” a D<sup>a</sup> Emilia M<sup>a</sup> Trillo Lojo e no caso de non poder acudir esta a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Rodríguez Riveiro.

No “Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Costa da Morte (GALP)” a D<sup>a</sup> Emilia M<sup>a</sup> Trillo Lojo e no caso de non poder acudir esta a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Rodríguez Riveiro.

Na Mancomunidade “Comarca de Fisterra” a D<sup>a</sup> Margarita Lamela Louzán e D<sup>a</sup> Emilia M<sup>a</sup> Trillo Lojo (Suplente: D. Sergio Romero Conde).

En Abanca a D<sup>a</sup> Margarita Lamela Louzán.

Na Fundación Pública “Hospital Virxe da Xunqueira” a D<sup>a</sup> Margarita Lamela Louzán.

No Consello de Política Territorial da Propiedade Inmobiliaria a D<sup>a</sup> Margarita Lamela Louzán.

**Sexto.** Notificar a presente aos nomeados e dar traslado do presente acordo aos correspondentes órganos.

A Alcaldesa  
Margarita Lamela Louzán.  
Asinado dixitalmente o marxe.”

## -----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa e lee a proposta.

## -----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 7 votos a favor do grupo político PSOE e 6 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

**7. Proposta da Alcaldía relativa á asignación de retribución ao cargo electo local con dedicación parcial e réximen de retribucións (alcaldía). EXPEDIENTE Nº: 2023/G010/000009.**

Considerando a seguinte Proposta:

### “ROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto:** Creación de cargo con dedicación parcial e réximen de retribucións.  
**EXPEDIENTE Nº:** 2023/G010/000009

Considerando o artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réximen Local que literalmente di:

*“2. Los miembros de las Corporaciones locales que desempeñen sus cargos con dedicación parcial por realizar funciones de presidencia, vicepresidencia u ostentar delegaciones, o desarrollar responsabilidades que así lo requieran, percibirán retribuciones por el tiempo de dedicación efectiva a las mismas, en cuyo caso serán igualmente dados de alta en el Régimen General de la Seguridad Social en tal concepto, asumiendo las Corporaciones las cuotas empresariales que corresponda, salvo*



*lo dispuesto en el artículo anterior. Dichas retribuciones no podrán superar en ningún caso los límites que se fijen, en su caso, en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado. En los acuerdos plenarios de determinación de los cargos que lleven aparejada esta dedicación parcial y de las retribuciones de los mismos, se deberá contener el régimen de la dedicación mínima necesaria para la percepción de dichas retribuciones.(...)"*

Esta Alcaldía en uso das facultades que me confire a lexislación vixente, **PROPÓN** ao Pleno da Corporación:

**PRIMEIRO.-** Que esta alcaldesa desempeñe o seu cargo con dedicación parcial co seguinte detalle:

- Días: de Luns a Venres
- Horario. De 8:30 a 15:37 H
- Porcentaxe de dedicación: 95%
- 

Percibindo por elo a cantidade de **49.658 €** brutos a repartir en 14 pagas.

As pagas extraordinarias devengarase do mesmo modo que a dos funcionarios.

Estas cantidades se incrementarán da forma e na cuantías que estableza as disposicións de carácter xeral para os membros da Corporación e no presente exercicio conforme o establecido no artigo 18.2 do RDL 24/2018 de 21 de decembro polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións do sector público.

**SEGUNDO.-**A entrada en vigor do presente acordo será a partir do día seguinte desde a adopción do acordo polo Pleno da Corporación.

**TERCEIRO.-**Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería e procédase de conformidade co previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e art. 8.1 f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (portal de transparencia).

Asinado dixitalmente o marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

## -----INTERVENCIÓN-----

Intervén a Sra alcaldesa e di que con relación a alcaldía sería de luns a venres en horario de 8.30 a 15:37 horas cando en realidade son moitas mais horas, practicamente todos os días do ano, porcentaxe 95% e cantidade bruta 49658 euros en 14 pagas.

Intervén Sr Picallo e di que de 313 concellos entre 5 e 10000 habitantes, hai 194 concellos, lidera o ranking de alcaldesa con mais soldo e menos dedicación, é certo que na anterior legislatura percibía entorno a 325.000 euros pero agora nos encontramos que na lei contratos do estado hai contratos de 5 %, 75% pero de 95% non hai moitos pero o custo vai ser de 70.000 euros porque hai seguridade social, o coste da alcaldesa cada ano será 70000 e 280000 euros de coste de alcaldesa a 95% de ocupación, lidera Vde o salario de 185 concellos con habitantes parecidos e, onde quedaron aqueles tempos nos que criticaba alcaldes de Cee onde decía que o salario era excesivo sendo o de Ramon Vigo un 93% e salario bastante inferior, incluso cuestionaba o informe da interventora que non se atíña a legalidade, o PP evidentemente non pode apoiar este coste laboral este despropósito, e tranquila sabemos que a xente que traballa ten que cobrar, felicitaremos os éxitos e criticaremos os erros que é a nosa labor de oposición, e algún día escoitar a canción de Julio Iglesias: llegar a la meta cuesta, mantenerse cuesta más, moitas gacias.





Sra alcaldesa: Sr Picallo manterse costa mais, claro que costa mais, xa levo aquí anos e cheguei a maioría absoluta pese a quen lle pese, e guste a quen lle guste, en todo caso os concellos entre 5 e 10000 habitantes son 52272 euros o salario que pode percibir a alcaldesa, ou alcalde, fíxase unha dedicación parcial dun 95% os veciños e veciñas de Cee saben perfectamente que nin siquera é un 95 % a alcaldesa de Cee está 24 horas os 365 días do ano como demostrou na lexislatura pasada, arreo, segundo a segundo o meu teléfono a disposición en calquer momento, o traballo está mais que demostrado e continuo na mesma liña incluso con maior responsabilidade dado o apoio claramente manifesto nestas últimas eleccións dos veciños e veciñas de Cee, xa que Vde quer ir a hemeroteca, podo recordarlle porque mire podo fixar os salarios tamén tirei de hemeroteca e no ano 2010 fai 12 anos, cun orzamento parecido o de hoxe en día, 5.605.479 euros, entre os órganos de goberno e persoal eventual se ascendía a 131.937 euros, e dicir, 10.000 euros mais do que se vai percibir e hoxe aprobar, polo tanto non creo que sean os salarios sexan desproporcionados tendo en conta incluso as situacións anteriores a esta lexislatura.

Sr. Picallo: eu sei que Vde eu son novo neste, non vamos discutir a maioría absoluta pero lidera o ranking dos alcaldes mais caros e veremos co tempo si é rentable, nestes momentos Vde pon o soldo mais caro, o que traballa ten que cobrar, os membros do seu equipo o coste total vai a 184.000 euros, a que acaba de rematar apenas chegaba a 90 e pico mil, vamos velo porque é certo que un alcalde está as 24 horas, en canto os compañeiros trataremos no seguinte punto.

Sra alcaldesa: sabe cal é a diferenza, que cando cobramos os demais e moito e cando cobra un mesmo é pouco.

Sr Domínguez Louro: o BNG apoia o soldo que se pon, consideramos necesario como dixemos así fai catro anos que un alcalde xa se adique en plenitude o 100% o Concello e o cargo que ten que desenrollar, é por iso pola mesma razón que fai catro anos que vamos apoiar aínda que se xa maior. Fai catro anos Vde para compatibilizar o traballo seu particular co cargo de alcaldesa puxose naquel momento un salario menor porque colleu un porcentaxe menor, do 75% falaba Vde que se podía acoller o 25, 50 ou 75% naquel momento e acollíuse o máximo naquel momento consideraba, agora vaise acoller a un 95% o que consideramos entendase como unha fraude porque o 95% é un 100% encuberto, deixa ese 5% para adicarse a súa faceta profesional a cal entendemos perfectamente que queira adicarse, non vamos a censurar eso en absoluto pero si fai 4 anos acollíuse o 75% agora tamén debería acollerse, feita esta puntualización e considerando que un concello calquera que sexa necesita que o alcalde estea 24 horas o día pendente non podemos mais que apoiar este punto e o soldo que Vde se propón cobrar.

Sra alcaldesa: respecto grazas o seu apoio pero simplemente para puntualizar un par de cousas, si considera que é un fraude de lei xa sabe que facer.

Sr Domínguez Louro: non falei de fraude de lei falei de fraude

Sra alcaldesa: pois está a vía xudicial para facer a reclamación correspondente, pero o informe da interventora di claramente: *ahora bien lo que no compartimos es que únicamente puedan darse tres porcentajes de dedicación parcial-75%, 50% y 25%- ya que., volvemos a insistir, ni la LBRL, ni la Ley de presupuestos Generales del estado para 2014 han previsto ningún porcentaje de dedicación parcial para aquellas Coporaciones locales con población superior a 1000 habitantes*, es decir, non tiene porque ser un 25, 50 ou un 75% es certo que a lexislatura pasada fijé un 75% porque en mi traballo como abogada tenía maior número de casos que tenía que atender pero durante a lexislatura pasada, es certo que el cargo como alcaldesa me comió todo el tiempo y lo que tengo que hacer ahora es cerrar una serie de casos por obligación y como sabeis perfectamente el trabajo de abogada implica casos que se demoran en el tiempo pero mi dedicación al despacho es muchísimo menos que hace 4 años y durante la lexislatura pasada, por eso el 95% es más cuando cierre mi despacho traeré el 100%.

Sr Domínguez Louro: non falei de fraude de lei senón a veciñanza, falar dun 95% cando equivale o 100%, ese 5% que deixa Vde para dedicarse a súa faceta profesional que non o vou censurar eu me parece ben, terá que ver ata onde pode facelo ou non ese é un problema persoal seu co cal non vou



a discutir, en calquera caso deste xa se falou fai catro anos tamén fai 8 con aquel 93.33 % que está recollido na acta, deu aquela batalla e todo aquel periplo que pasamos durante aquela temporada coas eleccións do ano 2015, era simplemente para recordar e por enriba da mesa e de manifesto o que eu creo e cree o BNG dunha falta de coherencia, non é o mesmo dar trigofque non dalo, dito esto, vamos apoiar o soldo porque cremos necesario que o alcalde ou alcaldesa se adique en corpo e alma o seu labor, vamos apoio o soldo aínda que nos parece excesivo, pero está recollido na lei.

Sra alcaldesa: os criterios xurisprudenciais van cambiando o longo do tempo, evidentemente me dedico o concello en corpo e alma.

Sra Iglesias Lema: vaia por diante que IXCee o soldo do alcalde sempre o vai apoiar, sempre o fixemos e seguiremos facendo pero queremos significar o fio do que dixeron os dous compañeiros do Bng e PP que a dedicación parcial do 95% para adicarse a súa actividade privada que nos parece ben e é legal pero suliñar que Vde foi moi belixerante con este tema co excalde IXCee Ramón Vigo, cando plantexou no seu momento e cando saíu adiante Vde liderou a oposición para intentar quitarlle o soldo estivo 4 anos con ese tema arrieritos somos en el camino nos encontraremos, agora ben cun 95% e o alcalde que mais cobrou, alcaldesa neste caso mais de 7000 euros de diferenza pero por suposto que o noso voto vai ser a favor porque un alcalde ten que cobrar e ten que vir a traballar e non a dormir.

Sra alcaldesa: a alcaldesa ben a traballar non a dormir eso podemos remitirnos a outras épocas, vamos a ver mire Sra Iglesias o salario fixado a día de hoxe son 52272 euros, no ano 2019 o salario o maximo o 100% 47753 euros, se foron incrementando os salarios o longo dos anos, na época do alcalde anterior foi 93.33 % é certo que o Ex-alcalde adicabase a dúas actividades pediu exclusiva nunha para dedicarse totalmente a outra, de ahí a miña crítica, cando se dedicaba de forma plena a outra activiade que non era a vamos a decilo a principal senón que era cunha entidade cunha mutualidade se non mal recordo.

Sra Iglesias Lema: explicolle que ademais está nas actas unha activiade que explicou por activa e pasiva Mutua Galega, que firmaba expedientes médicos cun programa informático dende a casa, cansouse de explicalo, sabeo Vde ben, cando lle digo de vir a dormir digo porque como di que pasa todo tempo no Concello non fai falta que durma aquí en calquera caso si o informe de intervención é favorable e considera que está ben solo signífico que é a alcaldesa na historia que mais cobrou, 7000 de diferenza co soldo mais alto que houbo, faga o oportuno que é a alcaldesa e ten maioría.

Sra alcaldesa: por último para rematar, ahí esta a diferenza, é para rematar os casos da miña actividade principal non para dedicarme a un 93,33 % a outra actividade.

Sra Iglesias Lema: os casos rematan en catro anos? Non sabemos que a xustiza vai moi lenta, poden ser catro anos ou mais, non hai un prazo determinado?

Sra alcaldesa: non sabe como vaia via xudicial

Sra Iglesias Lema: eu sei a via xudicial por culpa de Vde nada mais non me dedico a esto.

Sra alcaldesa: agora ten practica que tamén presenta denuncias

Sra Iglesias Lema: vamos ir practicando

Sra alcaldesa: pois así vamos

-----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 10 votos a favor dos grupos políticos PSOE, BNG e Mixto e 3 votos en contra do grupo político PP.**

**8. Proposta da Alcaldía relativa á creación de cargos con dedicación e réximen de retribucións (concelleiros/as). EXPEDIENTE Nº: 2023/G010/000009.**

Considerando a seguinte Proposta:



## **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: Creación de cargos con dedicación e réximen de retribucións concelleiros/as e indemnizacións por asistencias a órganos colexiados dos membros da Corporación.**

**EXPEDIENTE N.º: 2023/G010/000009.**

Considerando o artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réximen Local que literalmente di:

*“1. Los miembros de las Corporaciones locales percibirán retribuciones por el ejercicio de sus cargos cuando los desempeñen con dedicación exclusiva, en cuyo caso serán dados de alta en el Régimen general de la Seguridad Social, asumiendo las Corporaciones el pago de las cuotas empresariales que corresponda, salvo lo dispuesto en el artículo anterior.*

*En el supuesto de tales retribuciones, su percepción será incompatible con la de otras retribuciones con cargo a los presupuestos de las Administraciones públicas y de los entes, organismos o empresas de ellas dependientes, así como para el desarrollo de otras actividades, todo ello en los términos de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas. (...)”*

Esta Alcaldía en uso das facultades que me confire a lexislación vixente, **PROPÓN ao PLENO DA CORPORACIÓN:**

**PRIMEIRO.-** Desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva o seguinte cargo: CONCELLARÍA DELEGADA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, FORMACIÓN, EMPREGO, NOVAS TECNOLOXÍAS E REDES SOCIAIS (D<sup>a</sup> BELÉN FERNÁNDEZ CONDE) co seguinte detalle:

- Cantidad de 24.911 € brutos a repartir en 14 pagas.
- As pagas extraordinarias devengarase do mesmo modo que a dos funcionarios.

**SEGUNDO.-** Desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva o seguinte cargo: CONCELLARÍA DELEGADA DE MEDIO RURAL, OBRAS E DEPORTES (D. ALFONSO CANOSA BLANCO) co seguinte detalle:

- Cantidad de 24.911 € brutos a repartir en 14 pagas.
- As pagas extraordinarias devengarase do mesmo modo que a dos funcionarios.

**TERCEIRO.-** Desempeñarse en réxime de dedicación parcial o seguinte cargo: CONCELLARÍA DELEGADA DE CULTURA, EDUCACIÓN, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ (D<sup>a</sup> MARIA LUISA RODRIGUEZ RIVEIRO) co seguinte detalle:

- Días de Luns a Venres
- Horario: 9:00 a 14:37 horas
- Porcentaxe da dedicación: 75%
- Cantidad de 22.000 € brutos a repartir en 14 pagas.
- As pagas extraordinarias devengarase do mesmo modo que a dos funcionarios.

**CUARTO.-** Estas cantidades se incrementarán da forma e na cuantías que estableza as disposicións

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



de carácter xeral para os membros da Corporación e no presente exercicio conforme o establecido no artigo 18.2 do RDL 24/2018 de 21 de decembro polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións do sector público.

**QUINTO.**-Aprobar o seguinte réxime de indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados para os membros da Corporación que non teñan atribuída dedicación parcial ou exclusiva:

Por asistencia ás sesións plenarias: 100,00 €

Por asistencia ás sesións da Comisións Informativas: 100,00 €

Por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local: 100,00 €

Por asistencia ás sesións doutros órganos legalmente constituídos: 100,00 €.

**SEXTO.**-A entrada en vigor do presente acordo será a partir do día seguinte desde a adopción do acordo polo Pleno da Corporación.

**SÉTIMO.**- Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería e procédase de conformidade co previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e art. 8.1 f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (portal de transparencia).

Asinado dixitalmente ó marxe.

Sra alcaldesa.

Margarita Lamela Louzán"

## -----INTERVENCÍONS-----

Sra alcaldesa explica a proposta.

Sr Picallo: durante estes últimos anos Vde presumiu de facer unha actividade cultural, deportiva, de control de obras que se desenvolveu polos técnicos do Concello sen dificultade que xa cobran salario para desempoñeo das súas funcións incluso nos parece un insulto que os cidadanos de Cee cada vez lle costa mais encher a cesta da compra e chegar a fin de mes vemos un despilfarro nas arcas coa función de manter un grupo unido, e Vde que leva o salario mais alto que non asume ningunha competencia por exemplo asuntos sociais qe leva a concelleira Emilia agora qe non ten salario co gran traballo que ten que facer, logo compañeiros, aquí Sergio vai levar festas sen salario, imaxine que Vde é responsable deso pasa un día un accidente ou un golpe e quen vai ter problemas é Vde, a alcaldesa leva un bo salario e Vde ningún, todo esto fai que este goberno coste eses mais de 170000 euros con todas dedicacións que hai, e iremos falando dos resultados que saen, igual nos saen baratos coa cantidade de cousas e coas inversións.

Sra alcaldesa: é o seu segundo pleno, e casi non lle vou nin replicar porque me da vergoña replicar, porque lle faltan moitos coñecementos.

Sra Trillo Lojo: gracias por la efusividad pero vamos a ver, estuve cobrando 1200 euros mas o menos la legislatura pasada y me pusieron verde, gracias por reconocermelo ahora, está bien aunque sea cuatro años despues, dos, yo decido en este caso la alcaldía lo que cobro yo, lo decido yo, no se meta con la alcaldesa y lo que hago yo en mi concejalía si cobro o no cobro eso es mi problema nada más gracias.

Sr Picallo :no sé hasta que punto puede usted recriminarme o no, lo que tengo es sentido común e como dixer antes o que traballa ten dereito a cobrar e que servizos sociais que necesita un gran traballo que non teña salario, non sei que parte interpretou mal, tocoulle a usted como lle pudo tocar a sergio, quero dicir que esto é un equipo grande nunca se pagaron tantas dedicacións no concello de Sra. Alcaldesa: mire Sr Picallo os salarios que se poñen para unhas dedicacións os técnicos traballan neste concello, Vde fixo referencia o técnico de cultura pero lle podo dicir que co técnico de cultura mana a man traballa a alcaldesa e a alcaldesa estaba aquí casi 24 horas é un dicir 15 ou 16 e traballamos man a man para facer as numerosas actividades culturais da pasada lexislatura como se



conseguiron numerosas subvencións, pero mire, estes salarios non se poñen para manter o grupo unido eso pasará no seu grupo que prometeu moitas cousas, aquí non necesitamos salarios para manter o grupo unido, xamais, e trabalamos arreo sin ser salario, sin ter incluso salario, decia Vde que non pasou nunca nas lexislaturas anteriores, repítolle no 2008: órganos de gobernos 105546 e habería que sumarlle como fai Vde a seguridade social por parte da Administración, persoal eventual 22665, total 128211 fai mais dunha década, 2009: órganos de goberno 106816 persoal eventual 24726, 131533, 2010: 107137 organos de goberno, persoal eventual 24800, 131937 cun orzamento inferior o que actualmente existe.

Sr Picallo Vde acaba de decir trae os datos preparados, hai un 70% mais ca lexislatura pasada, esto non é discusión de números, o traballo hai que sacalo adiante hai que manter o equipo unido recorde que empezou con dous e un lle marcharon, a ver cantos lle quedan.

Sra alcaldesa: ten pensado facer algo?

Sr Picallo: ameazas veladas non espere que lle aguante, teño unha labor de oposicion constructiva, poñase a traballar e xestione.

Sra alcaldesa: na lexislatura pasada publicamente recoñecía que o salario da alcaldesa de Cee era moi baixo para o que estaba facendo.

Sr Picallo: en conversacións privadas con Vde?

Sra alcaldesa: a outras persoas

Sr Picallo: a Vde nunca llo dixen?

Sra alcaldesa: tamén mo dixo algúnha vez de pasada, tamén outra xente, o Concello de Ceee era privilexiado porque se estaba xestionando moi ben co salario da alcaldesa de Cee, que era baixo para o traballo que estaba realizando hasta que Vde se presentou como candidato o PP que a partir de aí a alcaldesa de Cee era malisima de la muerte.

Sr Picallo: incrementa cun 70%, unha cousa pero agora incrementa un 70 % cando os salarios están como están, é a alcaldesa que mais cobra no ranking de 197 concellos de mais de 5000 habitantes, eso é a realidade non o digo eu.

Sra alcaldesa: traerei a relación do salario do resto dos concellos.

Sr Picallo: toda a tarde o mirei, preparei ben, tamen fun a escola non a universidade, pero fun a escola da vida.

Sra alcaldesa: Vde sume os salarios dos órganos de goberno de diferentes concellos da bisbarra e lle digo que son mais altos que estos.

Sr Domínguez Louro: o contrario do punto anterior non podemos apoiar este soldo por algo moi sinxelo porque ademais dos 49650 euros buros hai que sumarlle os 24911 dunha concelleiría 24911 da outra e 22000 brutos o 75% de depreciación parcial doutra, polo tanto comparado co mandato anterior evidentemente sobe nunha cantidade importantes e o Concello evidentemente é o mesmo, poboación a mesma e traballo igual, estamos falando dun montante de 121480 euros anuais e mais os gastos de seguridade social evidentemente e a parte eso vai significar estes catro anos en soldos vamos a estar o redor medio millón de euros nestes catro anos de mandato con seguridade social aparte, consideremos dende o BNG que poderíase como xa dixemos doutra vez dunha segunda dedicación pero este aumento brutal de concellerías, soldos, adicacións totais e parciais non o podemos apoiar, polo tanto vamos a votalo en contra.

Sra alcaldesa: Sr Domínguez bueno non me extrana a sua posición durante a lexislatura pasada votou en contra dos orzamentos polo salario que cobraba a concelleira de servizos sociais e por un salario dunha persoa contratada de forma eventual, evidentemente non contaba co seu apoio en todo caso durante a lexislatura pasada criticabase que tendo 4 concelleiros ter tres salarios, agora temos 7 concelleiros e igualmente bueno 4 salarios supoño que a crítica ía ser a mesma. Se facemos a suma o concello por número de habitantes temos dereito a 3 dedicacións exclusivas, sumando o da alcaldía e o resto dos concelleiros non chegamos nin a dúas e media, aínda falta creo que está dentro dos parámetros normais tendo unha maioría absoluta e porque o traballo hai que facelo igual hai que traballar arreo e mellorar motias cousas.



Sr Domínguez Louro: matizar un par de cousas, non apoiamos os presupostos porque non houbo diálogo con nos, non se quixo falar, no seu dereito estba facelo, e nos non apoialos, ese non era o tema, incluso está recollido en actas que dixemos que poderíamos obviar o tema dos soldos e tratar de sacar os orzamentos si se incluía varias das propostas que eran negociables para sacar adiante os orzamentos, en canto o resto, volvo a repetir si antes eran 3 soldos de 4, agora van ser 4 de sete pero é o mesmo, da igual, repito con que o alcalde ou alcaldesa se dediquen en copo e alma e unha persoa mais e suficiente, o traballo vai ser o mesmo, os habitantes van ser os mesmos, polo tanto esta vai ser outra maneira de traballar que Vde coa súa maioría absoluta decide que sexa así, consideramos que non é correcto non ten mais historia votamos en contra porque nos parece excesivo a cantidade montante total durante os catro anos de mandato que vai a ser evidentemente mais de medio millón de euros esa é a unica razón pola que votamos en contra.

Sra alcaldesa: soamente para decirlle Sr Domínguez Louro que Vde sempre di que había falta de diálogo pero nos escritos que presentaba como proposta para eses orzamentos a primeira era non estamos de acordo cos salarios da concelleira de servizos sociais e eventual e había que eliminar eso dos orzamentos. Sempre está, por escrito.

Sr Domínguez Louro: en ningún momento lle puxemos naqueles escritos é mais hai actas na que aquí neste mesmo sitio lle dixen que os soldos podíamos obviar, xa estaban dados, polo PP, no ano 2019 do presuposto do 2020 os soldos que tamén lle aprobou o PP e como xa estaban obviavamos eso e poñíamos a disposición súa diálogo con nos con aqueles puntos pero en ningún momento expusemos que había que retirar os soldos, porque se trata dunha negociación, non é real o que Vde acaba de dicir e convidado a que traigas os escritos.

Sra alcaldesa: Non hai problemas revisaranse os escritos pero era unha das condicións

Sr Domínguez Louro: no, en absoluto.

Sra Iglesias: xustamente co que dixu Vde que o Concello de Cee non tiña 3 exclusivas, creo que aquí xustamente o que fixo foi a cuadratura do círculo porque con 2 exclusivas e 2 parciais supón 3 exclusivas que é o que pode ter o Concello de Cee.

Sra alcaldesa: Non chegamos

Sra Iglesias: eu entendo así mentras a interventora non diga o contrario ben feito está, si falamos respecto os cartos non hai difrencia substancial entre os exclusiva e parcial, 4000 euros non vamos ser nos os que decidamos as áreas con dedicación ou non, competelle a Vde, por eso mesmo imonos abster o que si non entendo é porque di tendo 3 concelleiros con dedicación Vde diga que non ten persoal de confianza, entendo que con 3 con dedicación e Vde son de confianza non de desconfianza salvo que queira contratar un seguridade, quería ter aparte un de confianza? Que persoal de confianza quer?

Sra alcaldesa: Vde estivo contratada no 2008, 2009 e 2010 como persoal de confianza e cobraba 24800 euros, igual practicamente porque falamos do 2010 fai 13 anos casi, igual co que ten dedicación exclusiva, e Vde era persoal de confianza do alcalde.

Sra Iglesias: primeiro Vde sempre ten un tema de antes, despois, aínda non se acorda que pasou o mandato anterior facendo referencia o anterior, agora faga referencia a Vde e contollo creo que sabe bastante dese pacto coalición PSOE e IXCee, dous soldos para cada un, a concelleira de IXCee a numero 3 ía vir con dedicación o final non veu eu era a catro e IXCee quedaba cunha persoa soa, aquí son 4 e di que non ten persoal de confianza, pero cal quere? E a miña pregunta pero deixe de comparar, eu podo opinar non?

Sra alcaldesa: Por suposto que pode opinar pero eu tamén podo opinar.

Sra Iglesias Lema: Vde ben sabe que pasou naquela coalición que o tiña de primeira man na casa

Sra alcaldesa: na miña casa non comento as cousas do concello

Sra Iglesias: gustaríame decirlle o Sr Picallo que eu estiven de concelleira de servizos sociais e nunca me aprobaron o soldo e a concelleira de deportes e cultura tampouco, non pasa nada hai que traballar

Sra. Alcaldesa: a comparativa Vde pode facelas que quere e a alcaldesa non pode facer as comparativas respecto a legislaturas anteriores, ese raseiro de medir, mire Vde como persoal de



confianza fai 12 anos cobraba mais podemos decir incluso cun orzamento no 2008 de 4.800.000 euros, do que van a cobrar os concelleiros de Cee neste momentos.

Sra Iglesias: xa sei que Vde trae todo super medido, euro para arriba ou para abaixo, eu cobro da administración, pasei da autonómica a local mais o menos os cartos ben do mesmo sitio.

## -----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 7 votos a favor do grupo político PSOE, 5 votos en contra dos grupos políticos PP e BNG e 1 abstención do Grupo Mixto.**

### **B) PARTE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.**

**9. Dar conta de resolucións da alcaldía para coñecemento: Nº 330/2023 de 24 de abril á 554/2023 do 23 de xuño.**

**Quedan enterados/as.**

**10. Dar conta de resolucións da alcaldía:**

**- Nomeamento de Tenencias da alcaldía.**

**Quedan enterados/as.**

**- Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, periodicidade Xunta de Goberno Local e decreto de delegación de competencias.**

**Quedan enterados/as.**

**- Resolucións relativas ás concellarías delegadas.**

**Quedan enterados/as.**

**11. Dar conta da resolución de nomeamento dos membros da Mesa de Contratación cando o órgano de contratación sexa Alcaldía ou Xunta de Goberno Local.**

**Quedan enterados/as.**

**12. Dar conta da constitución dos grupos políticos e de nomeamento de portavoces.**

**Quedan enterados/as.**

A Sra alcaldesa di que como última cuestión si entre o luns ou martes como moito poden presentar os nomes dos membros das comisións.

Ás 20:40 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán